

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, LUNS, 29 DE XUÑO DE 2026**PRESIDENCIA****SAN CAETANO**

12, 00 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado doutros membros do Goberno galego, presidirá o minuto de silencio en memoria das vítimas dos terremotos de Venezuela. Na entrada principal do edificio de Presidencia.

Tamén se gardará un minuto de silencio en todas as Delegacións Territoriais da Xunta.

A continuación, o titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, presidirá a reunión do Consello da Xunta. Na sala do Consello.

Posteriormente, a partir das **13,15 horas (aprox.)**, comparecerá para dar conta dos asuntos acordados. No Salón Grande.

TURISMO DE GALICIA**VIVEIRO (Lugo)**

11,30 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará na presentación do *Resurrection 2026*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**BOIRO (A Coruña)**

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará o campamento xuvenil *Espiñeira* (Costa de Espiñeira, 81).

O PORTO DO SON (A Coruña)

12,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará o albergue xuvenil *Virxe do Loreto* (lugar Agueira, 8).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

MAÑÓN (A Coruña)

10,00 h.- A delegada territorial da Xunta de Galicia en Ferrol, Martina Aneiros, visitará o concello con motivo do Plan de dixitalización impulsado por Augas de Galicia.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

CERVO (Lugo)

10,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, fará entrega de catro vivendas de promoción pública.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

O CARBALLIÑO (Ourense)

10,30 h.- O delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Manuel Pardo, visitará o Centro de Información á Muller deste concello.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA

09,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, recibirá aos representantes da asociación Cosmética Galega.

A ESTRADA (Pontevedra)

12,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias - 112 Galicia.

A GUARDA (Pontevedra)

18,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, participará no izado da bandeira azul da praia do Muíño.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO

VIGO

- 10,00 h.-** A delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Ana Ortiz, asistirá á presentación da orde de axudas para a rehabilitación de vivendas dirixidas a traballadores.
- 12,30 h.-** A delegada da Xunta en Vigo e presidenta do Consorcio Casco Vello, Ana Ortiz, presidirá o consello de administración do organismo autónomo.

CASA DE GALICIA

MADRID

- 10,30 h.-** O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, presidirá o encontro *Veciño na Paisaxe da Luz, Patrimonio da Humanidade* cos responsables das diferentes entidades albergadas no barrio dos Xerónimos. Na Sala Camilo José Cela da Casa de Galicia en Madrid.
- 14,30 h.-** O director da Casa de Galicia en Madrid, Luis E. Ramos, asistirá á presentación da Añada 2025 do Consello Regulador da D.O Rias Baixas.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

SAN CAETANO

- 13,30 h.-** O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, acompañado pola directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, María José Echevarría, e a directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza, participará na xuntanza con representantes das deputacións provinciais de Lugo e de Ourense e dos concellos destas provincias máis afectados polas chuvias do 17 de xuño.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

10,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado polo director xeral de Centros e Recursos Humanos, Jesús Álvarez, participará na inauguración do Encontro de educadores de Escolas Católicas.

MADRID

17,30 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado pola directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, participará na reunión do Padroado da Fundación Cotec para a innovación presidida pola Súa Maxestade O Rei.

LUGO

13,30 h.- O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díaz, participará na apertura do *Campus Xuvenciencia*.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MADRID

12,00 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, participará no Pleno do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia.

A continuación, a conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, participará na reunión da Conferencia Sectorial de Reto Demográfico.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

VIGO

18,30 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado do xerente da área sanitaria de Vigo, Javier Puente, intervirá na presentación do mural cocreado no marco da 2ª edición do *Proxecto VIH Ciencia Aberta*, impulsado desde o Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

ALACANT

12,30 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá á inauguración da exposición *El oro y el universo. Saberes indígenas de Colombia*.

CIDADE DA CULTURA

12,30 h.- O director da Axencia Galega das Industrias Culturais, Jacobo Sutil, participará na presentación en **rola de prensa** do *Festival Abanea*.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

19,00 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, acompañada do director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, participará na presentación do *Xacobeo Pádel Tour*.

MOS (Pontevedra)

20,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na presentación *Festival Son do Pazo 26*.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

LUGO

14,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, participará na entrega de premios ás mellores gandarías da provincia organizada por Africor Lugo.

O CARBALLIÑO (Ourense)

11,30 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, visitará o grupo Paniagua, elaboradores de licores tradicionais.

VILAGARCÍA DE AROUSA (Pontevedra)

11,30 h.- O director xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, asistirá ao encontro gastronómico organizado pola asociación Xuntos Saborea Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

13,00 h.- A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, reunirase co alcalde do concello de Touro, Jesús Reboredo.

MONTERROSO (Lugo)

13,30 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, participará nunha visita ás instalacións de Alibós Galicia, empresa transformadora de castaña ecolóxica.

MONFORTE DE LEMOS (Lugo)

19,30 h.- A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, participará na mesa redonda da xornada *Oportunidades de negocio no rural* organizado pola asociación Semente Ribeira Sacra co apoio da Consellería do Medio Rural.

CONSELLERÍA DO MAR**SAN CAETANO**

10,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, reunirase coa directora do Instituto de Investigacións Mariñas do Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC), Beatriz Novoa, para presentar os obxectivos e identificar posibles marcos de colaboración coa Unidade Mixta de Investigacións Acuifregal.

VIGO

19,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, asistirá á degustación de elaboracións dos chefs participantes na *VII Edición do Festival ARVI do Peixe- Vigo Sea Fest*.